

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 36- Decembro 2023

Publicación gratuíta

Colle unha!

GUADI GALEGO
MR. KAMÁNDULA
PAKOLAS

BALMOG
PERPETUAL
SANDFORD MUSIC FACTORY

TREINTAÑERAS CAÑERAS
SILVIA PENIDE
DÍOS KE TE CREW

NASHGUL
MUNDO PRESTIGIO
GRANDE AMORE



Balmog, Perpetual e Sandford Music Factory estarán no Resu 2024



O Resurrection Fest tívonos agardando algo máis tempo do previsto, pero finalmente xa ten publicado o seu cartaz para 2024. E entre as decenas de grandes nomes do hardcore, o metal e o punk internacionais que este contén podemos atopar os de tres grandes bandas galegas, que serán as afortunadas que exercerán de anfitriñas nesta nova edición do festival: Balmog, Perpetual e Sandford Music Factory.

Balmog, por unha banda, é unha das agrupacións pioneiras do black metal en Galicia e unha das máis veteranas en activo, polo que o motivo da súa presenza no festival resulta obvio. Co seu black metal de culto, cunha boa dose de death metal incorporada, o cuarteto de Soutomaior será un dos pratos fortes do escenario Ritual, que concentra polo xeral á meirande parte das bandas de metal e de metal extremo. Un escenario que compartirán con pioneiros do xénero da talla de Ihsahn, o guitarrista,

vocalista e membro fundador de Emperor. Para ver á lendaria banda de black metal sinfónico ao completo no Resu teremos que agardar algo máis, xa que para o ano 2024 o Rock Imperium de Cartagena ten reservado ao grupo noruego para que dea unha “actuación exclusiva” a nivel estatal.

Os de Soutomaior levan xa dúas décadas ininterrompidamente en activo, o cal é xa de por si unha proeza. Pero é que, ademais, a súa historia remóntase incluso antes, pois, como xa vos temos contado nestas páxinas, o grupo formouse a partir de dous membros de Inmacula Mortem, Balc e Virus, e un de Mydgard, Morg. Estas dúas formacións foron literalmente das primeiras en facer black metal en Galicia nun tempo en que a escena extrema estaba notablemente dominada polo death metal, e lanzaron traballos pioneiros que hoxe son verdadeiras pezas de coleccionista na escena.

Balmog foi un power trio durante a maior parte da súa historia, lan-

zando álbumes de estudio tan destacados como Testimony of the Abominable (2012), Svmmma Fide (2015) ou Vacvum (2018). En plena pandemia, en 2020, a banda lanzou outro traballo fundamental na súa traxectoria, o EP Pillars of Salt, composto por un único tema de 18 minutos de duración. Ao ano seguinte, incorporouse á banda como guitarrista e teclista o barcelonés Javi Bastard, prolífico músico tamén con máis de dúas décadas de experiencia ás costas.

Coa nova formación lanzaron en 2021 outro EP, Desacougo, que serviu como adianto para o seu álbum Eve. Con estes traballos reafirmaron as súas diversas influencias, que, como se pode apreciar nas versións incluídas en Desacougo, van dende o death/grind dos coruñeses Mache-tazo ata o post-punk gótico dos madrileños Parálisis Permanente. De Eve xa vos temos tamén falado bastante, pois foi incluído na nosa lista dos discos máis destacados de 2021. Dende

o seu lanzamento, o grupo non só ten xirado amplamente a nivel internacional, pasando por varios países de Europa, senón que tamén lanzaron en 2022 as demos do álbum e en 2023 a agardadísima continuación de Pillars of Salt, que repite a fórmula de EP dunha soa canción de 18 minutos de duración baixo o título de Covenants of Salt. Xa hai ganas de presenciar en directo o seu ritual no Resu!

Perpetual, por outra banda, é un cuarteto de death metal coruñés formado en 2006, e subirán tamén, por primeira vez, ao escenario Ritual no festival de Viveiro. Nun caso similar pero inverso ao de Balmog, o seu death inclúe tamén varios elementos de black metal, como se demonstra en traballos como Visions of Death (2009), Carving a Dismembered God (2015), Maze of Chaos (2018) e o máis recente Memento Mori (2022).

Este último álbum, incluído como non podía ser doutro xeito na nosa lista de discos máis destacados dese ano, resalta especialmente pola proeza acometida polo grupo de telo presentado na mítica Sala Capitol de Compostela xunto a Barbarian Prophecies e Agónica. Dende entón teñen xirado profusamente con el baixo o brazo, e o seu concerto no Resu será de seguro un dos puntos culminantes de dita xira. O álbum foi o primeiro de Perpetual lanzado pola súa discográfica actual, a estatal especializada en metal extremo Base Record Production, despois de ter lanzado Maze of Chaos coa galega Suspiria Records e os seus dous lanzamentos anteriores de xeito independente.

Por último, pero por suposto non menos importante, teremos sobre o escenario Desert, especializado en estilos máis clásicos do rock e mais en

subxéneros máis lentos e atmosféricos como o post metal, o stoner metal ou o doom metal, a Sandford Music Factory. Esta banda de San Sadurniño, en Ferrolterra, tamén ten moita historia, pois foi fundada nada máis e nada menos que no ano 2000, aínda que entón baixo o nome de Sweet Oblivion Band. O seu son está influenciado principalmente, dende os seus inicios, polo rock duro clásico e polo rock alternativo da escena grunge.

Foi precisamente baixo ese primeiro nome de Sweet Oblivion Band que saíron a primeira maqueta da agrupación, SO (2005), e o seu primeiro álbum, Melted to Oblivion (2008), ambos traballos autoeditados. A banda vese obrigada despois a cambiar o seu nome, como explicaron no seu momento, “por razóns legais e para evitar confusións”, aínda que “xamais” renunciarían á súa etapa como SOB. Xa como SMF lanzaron o álbum Awen en 2011, con Shiroten Records e Discmedi. Porén, logo dunha extensa xira de presentación, rematarían por volver á autoedición co álbum Natural Behavior, lanzado en 2015 despois dunha campaña de micromecenazgo. En 2018 chega a quedan de Jofre, un directo en acústico gravado no teatro ferrolán homónimo co que repasaron a súa traxectoria anterior.

A súa presenza no Resu será moi acaida, posto que en xaneiro de 2023 chegou o seu último álbum, titulado Altospeaker. Gravado e mesturado polo guitarrista da banda Xurxo Grandal nos Talleres Outeiro de San Sadurniño e nos Estudios Vilarón da Capela, o disco conta con 9 cortes en 36 minutos. Ademais, teñen lanzado recentemente o tema “All I know”, unha versión de Mark Lanegan para a recompilación lanzada polo programa de radio Bienvenido a los 90 en tributo a este artista estadounidense, exmembro de bandas como Screaming Trees ou Queens of the Stone Age e falecido o pasado ano 2022.


Estas tres bandas galegas farán parte dun cartaz ao máis puro estilo Resurrection Fest, combinando en diferentes porcentaxes o hardcore, o metal, o punk ou o rock alternativo.



Balmog



Perpetual



falamos de rock en galego

Entre os cabezas de cartel atopamos a Avenged Sevenfold, Bring Me The Horizon (que en 2022 cumpriron como últimos cabezas de cartel do festival ante a cancelación de Korn), Machine Head, Sum 41, Megadeth (de volta despois de ter encabezado a edición de 2018), Bad Omens, Bruce Dickinson, Corey Taylor, Baby-metal e Electric Callboy (que deron un dos concertos máis destacados da edición de 2022). Combínanse así nomes habituais das xiras polo Estado con grandes oportunidades de ver a destacados artistas por primeira vez na zona.

O feito de que o Resurrection Fest mesture dende sempre xéneros que, aínda que moi relacionados, adoitan ter bases de fans diferentes, fixo que xurdiran algunhas críticas a medida que se ían anunciando as bandas na mañá do venres 15 de decembro. Algúns ata se queixaron da presenza de varios artistas das décadas dos 70 e os 80, a quen consideraban “vellos”; pero a oportunidade de ver a lendas pioneiras do metal como Alice Cooper sempre se debe aproveitar. Ao final, non hai que esquecer que os británicos Judas Priest, cuxos membros clásicos son da quinta do americano, deron un dos mellores concertos da edición de 2022. Quen prefira o hardcore sempre quereará máis hardcore e quen prefira o metal extremo sempre quereará máis metal extremo, é algo inevitable ao xuntar xéneros distintos, pero non cabe dúbida de que isto é parte da esencia deste festival.

Ademais dos artistas do escenario principal, no que polo momento seguiremos sen ver bandas galegas, hai moitos grandes nomes que subirán a algún dos outros tres escenarios do festi. No Ritual, compartirán táboas con Perpetual e Balmog bandas tan destacadas como Accept, Fear Factory, Finntroll, Crypta, Hanabie, Ankor, Noctem ou a xa mencionada banda de Ihsahn. Un cartaz provisional filtrado por erro en redes sociais polo perfil de Alice Cooper apuntaba a que podería ter formado parte do cartaz a nova banda en solitario de Kerry King, pero parece que finalmente teremos que



agardar a outra edición para ver regresar ao mítico guitarrista de Slayer ao festival.

Sandford Music Factory, por outra banda, compartirá o escenario Desert con Graveyard, Corrosion of Conformity, High on Fire, Dool, Bokassa ou Maybeshewill. No escenario Chaos, adicado especialmente (pero non exclusivamente) ao hardcore e ao punk, non hai polo momento anunciada ningunha banda galega, unha situación que tamén se deu o ano pasado. En todo caso, pasarán por el Cro-Mags, Biohazard, Comeback Kid, Lendakaris Muertos, Death Before Dishonor, ProudZ ou Aneuma.

Cabe agardar que haxa máis bandas galegas, ademais das tres xa anunciadas, que pasen polo Resu en 2024. É habitual que se dean confirmacións novas nos seguintes meses, como foi o caso da de Dismal para a edición de 2023, e incluso de última hora, como foi o caso da de Back in Town tamén na pasada edición. Ademais, no pasado verán tamén puídemos ver artistas de Galicia nos concertos do chamado Boulevard, que foron anunciados pouco antes do comezo do festival. En 2022, a cifra final de bandas da terra foi de 13, e en 2023, de 9, así que agardamos que para o ano vindeiro a cifra sexa similar.



SPRINT MOTOR

A actualidade do motor



Dioivo presenta disco en Vigo coa colaboración de múltiples artistas da escena da cidade

O evento comezará ás 21:00 do sábado 23 no local situado no número 16 da rúa Rogelio Abalde, en plena zona de Churruca, e o prezo das entradas será de 5€ anticipada e de 7€ na billeteira. As entradas anticipadas poderán mercarse a través das redes sociais das bandas que compoñen o cartel ou no propio Pub Transylvania. Polo momento xa foron vendidas as entradas para dous tercios do aforo do local, polo que se aconsella celeridade ás persoas interesadas que aínda non teñan a súa.

Os concertos contan co apoio de diversos colectivos formados por afeccionados e músicos da escena rock e metal na cidade de Vigo, incluíndo a Musik Attack, Raposos Crew, Metal Nostrum Metal & Hard Rock, Vigo Rock Crew e Vigo Metalheads. Deste xeito, as bandas buscan que o concerto sexa toda unha celebración da escena viguesa no seu conxunto. Tamén apoian o evento os colectivos estatais Spanish Thrash Metal Brotherhood e Asalto Mata Radio Rock.

Abrirá a noite Karracho co seu potente punk rock interpretado con saxofón, baixo, batería e voz. Esta innovadora aliñación é toda unha declaración de intencións para unha banda que destaca pola súa xuventude, sendo unha das mellores representantes da máis nova xeración de bandas viguesas. A pesar de que aínda non teñen gravacións editadas, xa teñen gañado a pulso un bo nome tocando regularmente en directo por toda a zona de Vigo.

A continuación, subirán ás táboas do Transylvania os segovianos de Mortal Maze, na que será a súa primeira actuación na cidade de Vigo. O cuarteto fundado en 2017 conta cunha dilatada traxectoria, que inclúe concertos por todo o Estado e o lanzamento de dous traballos, in-

cluíndo o seu álbum homónimo de 2021. Este disco será o que presenten ao vivo na cidade olívica, e inclúe cancións como “Social Zombie”, da que sacaron un videoclip realizado por Rubén Francisco Burgos de Urukloke Producciones en abril deste ano 2023. Mortal Maze e Dioivo xa coincidiran previamente na segunda edición do Mortal Festival de Segovia en 2018. Este festival, celebrado de xeito anual no centro social La Chatarrería, é un dos eventos metaleiros máis destacados nesta cidade castelá.

Dioivo será a banda encargada de pechar a noite, presentando na súa cidade o seu novo álbum Cara os Ceios Incrementes. Este novo traballo foi lanzado en CD en xuño deste ano 2023 polo selo independente grego especializado en música metal Sleazy Rider Records. Entre os temas incluídos nel destacan adaptacións de obras da literatura galega como “Que importa que nos craven as cadeas” de Darío Xohán Cabana, “Hai sede na Nova Galicia” de Florencio Delgado Gurriarán, ou “Retorno a Tagen Ata” de Xosé Luís Méndez Ferrín. Estas cancións foron acompañadas de videos musicais realizados respectivamente por Emilia Vidal-Hallett, YOD Multimedia e Brais Gómez Salvador.

Gómez Salvador, colaborador habitual do grupo, dirixiu así mesmo os videoclips de temas como “Cabeiros”, incluído tamén en Cara os Ceios Incrementes, ou “Por 100 anos máis”, un novo sinxelo lanzado polo grupo o pasado día 17 de setembro para celebrar o centenario do Celta de Vigo. Esta última canción, cuxo lanzamento coincidiu co cabodano do lendario xogador do equipo Hermidita e co 20 aniversario da estreia do Celta en Champions, tamén será presentada en primicia en Vigo neste sábado 23 de decembro.




O concerto do dúo vigués no Transylvania vén culminar a serie de concertos de presentación do álbum deste ano 2023 que o grupo comezou o 11 de outubro na Sala Filomatic da Coruña e que proseguíu por Sarria, Salceda de Caselas, Madrid e Palma. Na capital das Illas Balears, os vigueses fixeron parte da cuarta edición do destacado festival Extreme Division Mallorca, acompañando a bandas como o lendario trio de death metal estadounidense Master ou o cuarteto catalán de black metal Vidres a la Sang.

Entre os colaboradores que subirán ao escenario xunto a Dioivo podemos atopar a David Rodríguez, baixista da banda ponteareá de black e death metal Sulf-Atär, e a Fabio Angelli, guitarrista da banda de death metal Infrahumano e do grupo de música soul e funk Gandhi Boxing Club. Tamén a Soto, vocalista do cuarteto de heavy metal Ardora, ou a Aarón, baixista do cuarteto de thrash metal Lapsus Mentis. Colaborarán así mesmo a vocalista Aida, do grupo de metalcore Her Anxiety, e o guitarrista Jorge, membro tamén de Her Anxiety e mais de Mileth, banda que mestura metal extremo e folk.

Dany Soengas, responsable da gravación e masterización dos últimos traballos da banda, tamén subirá ao escenario con Dioivo, sendo coñecido pola súa traxectoria en bandas como Atreides, Skydancer ou Lardelúa. Belize Martínez, por outra banda, ten feito parte de formacións viguesas como Sunset ou New Resize, así como da orquestra Rocksonic, que conta entre os seus membros con José Rubio (Ronnie Romero, ex-Nova Era, ex-Warcry) ou Pacho Brea (Ankhara, Herética).

Todos estes colaboradores e colaboradoras acompañarán ao dúo vigués ao interpretar as cancións tanto de Cara os Ceios Incrementes como de outros traballos, xa que o grupo fundado en 2016 conta cunha relativamente ampla discografía que inclúe tamén o álbum Dioivo II e os EPs Dioivo I e Dioivo III, ademais de varias maquetas e sinxelos.



A banda naceu poñendo música a Rosalía de Castro e o seu poema “Sempre pola morte esperas”, e dende entón fai música en galego partindo da influencia de estilos como o black metal melódico ou o thrash metal. Dende a súa fundación, o grupo está composto por Daniel Valladares Otero á batería e por Jacobo Mouriño Almeida á guitarra e á voz.



Guadi Galego presenta “Síntese Horizonte”, o seu novo directo, con tres concertos en Galicia

Guadi Galego regresa aos escenarios co seu novo espectáculo, Síntese Horizonte, unha proposta que presentará sobre as táboas dos teatros galegos en tres concertos exclusivos. Estes terán lugar o 26 de xaneiro no Teatro Principal de Compostela, o 27 de xaneiro no Teatro Jofre de Ferrol, e o 13 de abril no Teatro Principal de Pontevedra, no marco do ciclo Resoan. As entradas para as actuacións da cantante e compositora cedeiresa están á venda en www.ataquilla.com tanto no caso de Ferrol como no de Pontevedra. As do concerto en Compostela xa están esgotadas, posto que se venderon todas en menos de 24 horas.

Logo do lanzamento de Roibén (2022) e dunha ausencia nos escenarios do país, Guadi Galego prepara agora este novo espectáculo co obxectivo de dar paso “a novos horizontes, sen esquecer que a vida existiu e persiste nela”. E o fai non sen temas novos baixo o brazo. Se o pasado mes de setembro presentaba “O.D.A”, unha “declaración de intencións sobre o concepto da madurez e a aceptación da vida”, e en novembro lanzaba a colaboración con Nas-




tasia Zürcher “Luz do Norte”, agora acaba de lanzar o sinxelo “O Mar”. Este está composto por dous temas, “Imaxinando” e “Mar”, e veu a luz o pasado día 1 de decembro.

Con Síntese Horizonte, Guadi Galego realiza unha aposta pola evolución do seu son, reivindicando, explica, “a firme crenza do poder transformador da música ao vivo”. Con este obxectivo, para estes tres primeiros directos, a artista acompañarase dunha banda conformada por grandes artistas do país reunida especialmente para a ocasión. Farán parte da mesma Guillermo Fernández nas guitarras, Rubén Iglesias no baixo e nos sintetizadores, Isaac Palacín na batería e na percusión, Álex Fernández nos teclados, e mais un coro conformado por Paula Romero, Faia Díaz, Inés Salvado e Rocío Giménez.

A produción de Síntese Horizonte destacará, segundo nos avanza a artista, pola súa iluminación, baixo a dirección e o deseño de Laura Iturralde e José Faro de NONONON.LAB, e pola súa posta en escena, a cargo de Marina Oural e Ugía Pedreira da Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento. Estas artistas levan desenvol-

vendo traballo en común con Guadi Galego dende hai meses, coa premisa de ofrecer ao público unha experiencia musical “única e transformadora”.

Guadi Galego é unha das cantautoras máis destacadas da escena musical galega dos últimos anos, cunha andaina musical que comezou sendo ela moi nova, especialmente vencellada ao grupo folk Berrogüeto como vocalista, pianista e gaitreira. Co tempo, isto deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s. No 2009 inicia a súa carreira en solitario co álbum Benzón. Logo chegarían os exitosos Lúas de Outubro e Agosto, O mundo está parado, Inmersión, Costuras, e o máis recente Roibén, un LP que a artista presentou en diferentes puntos da xeografía peninsular. A ampla traxectoria da de Cedeira caracterízase pola incorporación de diversos xéneros musicais que van dende a música tradicional galega ao indie pop, cun gran protagonismo da lingua galega na súa música.



Mr. Kamándula presenta o seu segundo videoclip, «Nove meses»

Mr. Kamándula é unha banda de hard rock en galego orixinaria, como eles mesmos din, «das prolíficas terras de Cerceda». No pasado día 1 de decembro, venres, estrearon en YouTube o seu novo sinxelo e videoclip, «Nove meses». Este é o seu último traballo logo do EP homónimo de 2020 e o sinxelo de 2021 «O apalpador», que tamén veu acompañado de videoclip.

Este novo tema do cuarteto foi gravado por Mahi Ferradás de Broa no Cimática Studio do seu propio municipio Cerceda. Nel amosan a súa «parte máis íntima e persoal», e abordan «ese período cheo de cambios, ilusións e medos que supón a chegada dun novo membro á familia» logo dos nove meses de embarazo. O apartado gráfico foi responsabilidade da deseñadora maiDese.

O vídeo musical que acompaña á

canción foi realizado en outubro de 2023 por Pixelin Photo, ao igual que o de «O apalpador» (cuxo audio tamén fora gravado por Mahi Ferradás en Cimática). O clip transcurre en Ordes, na antiga estación da Pontraga e no bar Orellas, e dende a banda resaltan o seu agradecemento «a toda a xente que se prestou para facelo posible»: Sesé, Prego, Lucas, Nico, Daniella, Enio, Milos, Hermes, David, Óscar, Nedo...

O tema xa foi debidamente presentado en directo ao día seguinte de ser lanzado, o pasado sábado 2 de decembro, na sala A Reserva, en Carballo, xunto a outra banda galega, Adhara&Ritman. Como outras tantas bandas do estilo e da comarca, Mr. Kamándula traballan coa promotora Plancto Xestión Cultural liderada polo exbatería de Nao, Amós Varela.






“VOLTAR”, O NOVO VIDEOCLIP DE PAKOLAS E A RAMONA PEQUENA

Paco Cerdeira, mellor coñecido como Pakolas, traenos un novo videoclip de rock en galego para nenas e nenos, titulado “Voltar”. Nel, o músico está acompañado nada menos que pola súa filla Carmela, que interpreta á protagonista homónima do seu último traballo, o libro-QR A Ramona Pequena vai á Lúa (Editorial Galaxia, 2023). A este libro musical pertence precisamente esta canción, que se une a outros videoclips lanzados para promocionar o traballo, como o de “Coas mans”, co que o artista conmemorou a realización do seu concerto número 666 como Pakolas na Sala Rebullón de Tameiga, Mos.

A Ramona Pequena vai á Lúa conta a historia de Ramona, unha nena “movida por constantes inxedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa, espelida, e que conseguiu nada máis e nada menos que, alá polo ano 1967, viaxar ata a Lúa”. E o videoclip xurdiu, explica o autor, “cunha nova tan desalentadora á vez que tan común entre as terrícolas, a de ter que cambiar a neveira”. E é que a caixa de cartón que contiña tal electrodoméstico transformouse na nave espacial pilotada por Carmela no vídeo de “Voltar”.

A pesar de tratarse dun tema composto para a cativada, nel non faltan riffs e melodías rockeiras que ben poderían facer parte do repertorio de calquera banda de rock. E, ademais, cantado en galego. Non moita xente pode presumir de adicarse profesionalmente ao rock na nosa lingua! O videoclip de “Voltar” vén acompañado, así mesmo, dun vídeo “como se fixo” co que podemos descubrir como Pakolas e Ramona converteron “unha simple caixa de cartón en moitas horas de diversión”.


Cómpre lembrar, así mesmo, que Paco Cerdeira é membro da banda cercedense de punk rock en galego Zënzar, á que se uniu pouco despois de colaborar no seu álbum de 2006 Sigue e dalle. A formación está celebrando precisamente a súa dilatada historia como banda referente no rock na nosa lingua, e dentro destas celebracións darán un concerto polo seu 35 aniversario o vindeiro día 23 de decembro, sábado, na Sala Capitol de Compostela. Se tedes ocasión de asistir, non perdades a oportunidade, posto que neste concerto o quinteto estará acompañado dunha chea de destacadísimos artistas galegos de diversos estilos.





Este boli me lo pido

Regala el boli solidario para que ningún
niño o niña se quede sin jugar



5€ Cómpralo en unjugueteunailusion.com



rtve



STGO! CRÓNICAS **ROUCO SON** CrónicasPTV AMSGO!

Colabora:

Dios Ke Te Crew colabora con Nashgul, Mundo Pre

Con fotos de *elmembrillo*



Dios Ke Te Crew celebrou, o pasado día 2 de decembro, o seu viséximo aniversario por todo o alto. Fixérono cun multitudinario concerto na Sala Capitol, seguido dunha igualmente ateigada festa na Sala Mala-testa de Compostela. Porén, isto no foi todo, xa que no mesmo día da celebración repartiron entre os e as asistentes un disco-fanzine, chamado, ao igual que o propio concerto de aniversario Tremendos anos 20. Nel, 20 artistas musicais reinterpretaron outros tantos temas da mítica banda galega de hip-hop. Estas remesturas e novas versións, nas que os de Ordes colaboran con músicos e músicas de estilos moi diferentes, veñen acompañadas así mesmo de 20 ilustracións correspondentes de 20 artistas gráficas distintas.

Xa se pode escoitar este novo traballo nas principais plataformas dixi-

tais. Tamén a través dos códigos QR incluídos no fanzine, editado en formato A5 a imaxe e semellanza dos fanzines históricos. Esta edición física do traballo, salvo novidade, está xa esgotada, xa que as súas copias foron exclusivamente entregadas aos asistentes do evento, que antes da súa celebración levaba xa semanas co cartel de “sold out” pendurado.

Unha das bandas que máis destacan dentro da lista de participantes nesta recompilación Tremendos anos 20 é o cuarteto coruñés de grindcore Nashgul, que xunto a Dios Ke Te Crew asina unha versión ben potente do tema “Reinicio”, pertencente ao ata o momento último álbum de estudio completo dos ordenses, O ciclo da serpe de 2019. Os coruñeses dan o seu toque extremo, voces incluídas, a un tema que xa era cañeiro de por si; algo nada infrecuente na discografía

dun grupo tan acostumado a mesturar o hip hop con diferentes estilos de rock como é Dios Ke Te Crew. No resto de cancións atopamos nomes igualmente destacados de distintos xéneros, como son os de Grande Amore, Mundo Prestigio, Ortiga, Malandrónmeda, Javi Fluzo, Juait, CRNDS, 2pasos, Padre Murdock, Frank Juxley, DJ Mil, Hermano L, Karma Sound, Terrae, Coio, Figueroa, High Paw, Xurxo Master ou Mou.

DKTC completa a súa conmemoración destes 20 temas de toda a súa traxectoria cos traballos gráficos de Maz, Twee Muizen, GR170, Lidia Cao, Nove Noel, Luís Sendón, Ana Langeheldt, Daan Botlek, Daniel Muñoz ‘San’, Xoana Almar, Alba Fabre Sacristán, A.L. Crego, Alegría del Prado, Mr. Difuz, Sortwo, Sokram, Leandro Barea, Sr. X, Miguel Peralta ou Sekone. Atopamos nomes de primeiro nivel

tanto galegos como estatais, que fan seus, a través das imaxes, os 20 temas que se inclúen no disco-fanzine. do Tempo dos Sputniks xunto co Leo i Arremecághona. Na parte non musical uníronse, aínda que de xeito efémero, os grafiteros Vandals Crew e Cousas Novas, e os breakers de Compostela Playmovil Kids, que posteriormente deixarían de facer parte da crew.

Historia da banda

A primeira gravación oficial de Dios Ke Te Crew, despois dos traballos das súas formacións precursoras, foi o tema “Herdeiros da ditadura”, que serviu como banda sonora da curta O Derradeiro. Esta foi un dos capítulos incluídos na película colectiva Hai que botalos, unha recompilación de curtametraxes posta en circulación con motivo das eleccións ao Parlamento

stigio ou Grande Amore no seu novo disco-fanzine

de Galicia de 2005. Neste filme, 24 directores aportaron as súas pezas coa fin facer ver as razóns polas que o daquela presidente da Xunta, Manuel Fraga, non debía impoñerse de novo nos comicios, como así sucedeu.

En 2006 lanzaron o seu primeiro traballo de estudio completo, un LP titulado Xénese e formado por 16 temas. Foi gravado no propio estudio do grupo, Rapapoulo, e editado polo seu propio selo, DKTC Sons, xunto á editora galega Falcatrada. Distribuído por Discmendi en España, foi un dos primeiros traballos de rap realizados enteiramente en galego. O disco amosa influencias do jazz, o rock, o reggae, o hardcore e o funk, plasmando así unha diversidade que acompañaría ao grupo ao longo de toda a súa traxectoria. Contou coa colaboración do actor Miguel de Lira, interpretando ao personaxe do Cabo Ameneiro, un garda civil que interrompe unha festa do grupo. No deseño do CD, que chegou vender miles de copias (algunhas fontes indican que ata 7000), incluíronse ilustracións e graffitis de membros do colectivo. Nas súas actuacións por todo o Estado compartiron escenario con artistas coma Saian Supa Crew, The Beanuts, Dealema, Foreign Beggars, Ojos de Brujo, La Mala Rodríguez, SFDK, Violadores del Verso, Sólo los Solo ou La Excepción. A súa música foi de novo incluída nunha curtametraxe, neste caso Mártires, de Xosé Zapata.

En 2011 saíu á luz o seu segundo traballo, Humanose, con 13 novos temas e editado esta vez pola discográfica por excelencia do rap estatal Boa Music. En 2013, coincidindo co décimo aniversario do grupo, sacaron o sinxelo “Dez”, con dous novos temas, e comezaron unha nova xira por todo o Estado. E en decembro de 2018, tras unha tempada na que os membros do grupo traballaron noutros proxectos á marxe da banda e despois da saída de García MC en 2016, publicaron o videoclip

de “Silencio”, un dos temas do que sería o seu novo disco.

En marzo de 2019 viu a luz un novo adianto, o videoclip de “Melancolía”, dirixido por Xaime Miranda e inspirado no filme de 2011 Melancholia, de Lars von Trier. E en maio de 2019 publicouse o disco completo, de título O ciclo da serpe, sendo este o terceiro e ata agora último álbum de longa duración do grupo. O disco contou coas colaboracións de Alto Asalto, Hermano L, Croma, Homes Sen Medo, Santonio, Javi Pardiñas de Bush Doctors, Inés Miranda e Miguel de Lira, que retomou a personaxe do Cabo Ameneiro. Agardemos que, con ocasión dunha efeméride tan especial como é a dun 20 aniversario, o grupo estea xa a preparar un novo traballo completo. Ou, polo menos, algunha gravación desta pasada noite do 2 de decembro, que promete ficar para a lembranza.



“Babyexpress” é o novo sinxelo de Treintañeras Cañeras, adianto do seu novo disco



O trío vigués Treintañeras Cañeras ten xa un novo sinxelo, “Babyexpress”. Neste tema, que serve como primeiro adianto do que será o seu novo disco en 2024, tratan de xeito satírico, como é habitual nelles, o tema da xestación subrogada e o tráfico de persoas que esta supón. Esta parodia, sinalan dende a súa promotora e discográfica Galunk Produccións, “demostra o seu crecemento e madurez musical sen perder a súa liña de riffs de guitarras contundentes e letras punzantes coa súa xa coñecida ironía e sarcasmo para demostrar unha crí-

tica cara a unha sociedade cada vez máis deshumanizada”.

O seu novo traballo de estudio, que será o seu segundo álbum despois do disco de 2022 Música para el programa de Bertín Osborne, verá previsiblemente a luz en 2024 baixo a man de Galunk Produccións. O seu adianto “Babyexpress” foi producido por Paco Serén e Treintañeras Cañeras nos Eclipsis Studios de Ponteareas e gravado e mesturado por Pancho Suárez en Planta Sónica 2 de Vigo. A masterización correu a cargo do alemán Robin Schmidt en 24-96. O tema

conta cun vídeo musical tamén producido e dirixido por Paco Serén e Treintañeras Cañeras. Pablo Rodríguez foi o asistente de produción, e aparecen no vídeo Marcos Martínez, Pablo Barros, Juan Pablo Otero e Raquel Rodríguez.

Treintañeras Cañeras, que define o seu estilo simplemente como “sexy rock ‘n’ roll”, foi formada en Vigo a mediados de 2017. No outono dese mesmo ano vería a luz o seu primeiro sinxelo, “Caimán do Ku Klux Klan”, ó que seguirían os EPs Calienta que sales (2018) e Cabaña caníbal (2019), todos eles coa

produción de Serén, fundador de Los Piratas, en Eclipsis. En 2022, co final da pandemia, publican o seu primeiro LP de estudio Música para o programa de Bertín Osborne, co que comezan unha xira por salas co único propósito de “atormentar a todo ser vivo que se lles cruce polo camiño”. Este traballo de 8 cortes e menos de media hora de duración, en palabras do trío, “define o novo estilo da banda con guitarras afiadas e voces agresivos moi persoais, viaxando do rock’n’roll máis cru ata uns tons que rozan o metal con influencias en grao sumo variadas”.



Silvia Penide despedirá o 2023 en Arteixo cun novo directo inclusivo

A cantautora arteixá Silvia Penide despedirá o ano do seu 20 aniversario sobre os escenarios na súa localidade natal. Será cun novo directo inclusivo, no marco da súa xira de aniversario, no Centro Cívico Cultural da vila o vindeiro venres, 29 de decembro, a partir das 20:30.

As entradas para o concerto de Penide están dispoñibles en liña, por 4€ a prezo normal e 3€ a prezo reducido, a través da plataforma www.eventosarteixo.com. Tamén é posible adquirir os billetes no propio Centro Cívico Cultural de Arteixo en horario de mañá, de 11:30 a 13:30, ou até dúas horas antes do inicio do directo.

Na cita, a arteixá estará acompañada pola súa banda ao completo,

formada por Carla López ao teclado e os coros, Paul Álvarez á guitarra e Bruno Couceiro á batería, así como por unha intérprete de lingua de sinais, Natalia Navaza. A cita será apta para todos os públicos e contará, sinala a artista, con “algunha sorpresa”.

A xira XX aniversario serve tamén para promocionar *Mientras Dura el Aplauso*, o primeiro vinilo que Silvia Penide publica na súa traxectoria. Dispoñible tamén para a súa escoita nas principais plataformas dixitais desde o pasado 1 de decembro, o disco recupera algúns dos grandes éxitos da artista ao longo dos seus vinte anos sobre as táboas e inclúe un tema inédito: “El colchón y el diván”.





Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tova de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com